

Exercicios de repaso da primeira parte do tema 5 sobre materia---3º nivel

1. Escribe “Materia” debaixo das palabras que o sexan. Lembra que a materia podemos percibila cos sentidos.

Amizade Amor Mesa Caderno Pel Beleza Calor Tomate

Aire Rochas Leducia Lapis Papel

2. Completa o texto arrastrando as palabras que faltan.

* A _____ é todo o que se pode _____ , ver , ulir...

* A materia está formada por _____ ou _____ .

* As dúas propiedades da materia son:

1. A _____ que se mide con balanzas e básculas. A unidade de medida é o _____

2. O _____ que é o _____ que ocupa a materia. Para medilo utilizamos recipientes graduados e a unidade de medida é o _____ .

materia substancias masa gramo volume tocar litro espazo materiais

3. Esta materia está en diferentes estados. Escribe debaixo “sólido”, “líquido” ou “gasoso”.



4. Une cada estado coa definición que penses que é verdade:

SÓLIDO

Non ten forma propia. Toma a forma do recipiente no que estea.


LÍQUIDO

Ten forma propia.

GASOSO

Se se mete nun recipiente aberto fuxe para ocupar todo o espazo que poida.

5. Escribe o nome de cada un dos cambios de estado da auga.



6. Cales destas substancias son puras e cales son mesturas? Escribe debaixo “SP” se son substancias puras ou “M” se son mesturas.



7. Estes materiais son naturais ou artificiais. Escribe debaixo “Natural” ou “Artificial”.



(carbón)



(Madeira)



(Vidro)




(Petróleo)



(Plástico)



(Auga)



(Gasolina)



(Rochas)

8. Une con frechas as propiedades dos materiais coas súas definicións:

1. Resistencia

Capacidade dun material para manterse na superficie dun líquido.

2. Transparencia

Dificultade para raia un material.

3. Flotabilidade

Capacidade para transmitir acalor a través dun material.

4. Condutividade

Dificultade para romper ou deformar un material.

5. Dureza

Dinos se un material pode deixar pasar a luz ao seu través.

6. Elasticidade

Capacidade dun material para recuperar a súa forma despois de apertalo ou estirallo.

9. Completa este texto que inclúe imaxes. Nel podemos ver outro proceso de cambio da materia.



O proceso que ocorre cando queimamos algo chámase _____ e o gas que se necesita para queimar a materia chámase _____. A materia, ao arder transfórmase en



_____ e noutro gas que é o _____.
_____.

10. Lembramos como para que aproveitamos as características de resistencia, transparencia, elasticidade e a dureza, na vida diaria. Une con frechas.

Resistencia de rochas e minerais.

* Marcos, cortinas, persianas.

Resistencia de fibras como nailon ou raión.

* Facer roupa, mochilas, tapizados...

Resistencia da madeira.

* Construción de casas ou estatuas.

Transparencia

* Calzado ou roupa que nos illan do frío.

Opacidade

* Fabricación de pneumáticos, balóns...

Alta condutividade do aceiro e aluminio.

* Fabricamos recipientes, ventás ou adornos.

Baixa condutividade do coiro ou a la.

* Fabricación de instrumentos para cortar ou perforar.

Elasticidade de caucho e gomas.

* Fabricamos cacharros para cociñar: tixolas, potas...

Dureza do ferro ou o diamante.

* Fabricación de mobles.

11. Que material e que propiedade dese material utilizarías en cada caso?

Para fabricar unha ventá.	Para gardar documentos nunha carteira.	Para construír unha casa.
Para fabricar unhas botas.	Para fabricar unha mochila.	Para fabricar unha pota.
Para facer un xersei.	Para a roda dunha bicicleta.	Para unha tixeira.
Para fabricar unha botella que non sexa de vidro nin de metal.	Para facer unha estatua.	Para unha corda de escalada.